

Acceso á universidade para maiores de 40 anos

As persoas maiores de 40 anos de idade poden acceder ás ensinanzas universitarias oficiais de grao mediante a superación dunha proba de acceso, correspondéndolles o acceso unicamente naquela titulación para a que se realice a dita proba.

Poden presentarse as persoas que teñan os 40 anos cumpridos antes do 1 de outubro do ano natural no que se celebre a proba, que non posúan ningunha titulación oficial para acceder á universidade por calquera outra vía de acceso e que poidan acreditar experiencia laboral ou profesional.

Proba para maiores de 40 anos

▪ Como é a proba de acceso?

A proba de acceso estrutúrase en dúas fases, sendo obrigatorias ambas as dúas. A puntuación en cada unha das fases non pode superar os 10 puntos:

1. Primeira fase:
 - Experiencia laboral e profesional (6 puntos)
 - Formación (2 puntos)
 - Galego (1 punto)
 - Outros méritos (1 punto)
2. Entrevista persoal

▪ Cal é a nota de acceso?

Para superar a proba deberá obterse un mínimo de 4 puntos en cada unha das fases.

O cálculo da nota final será a media aritmética das puntuacións obtidas na primeira e na segunda fase.

Considerarase superado o acceso cando a nota final sexa igual ou superior a 5 puntos.

▪ Onde se realiza a matrícula?

Os interesados deberán presentar unha solicitude e un currículo. A presentación da solicitude farase na sede electrónica da USC (sede.usc.es) e incluírá unha declaración xurada de non posuír título oficial que lle faculte para o acceso á Universidade.

Presentada a solicitude xerarase o impreso de liquidación para o ingreso dos prezos públicos de inscrición na proba que se remitirá ao interesado. Unha vez aboados os prezos deberase enviar copia do xustificante de ingreso á dirección electrónica que remitiu a folla de liquidación (sxa@usc.es). O ingreso deberá realizarse dentro do prazo de matrícula.

[Máis información](#)